

Resolución reitoral do 26 de marzo de 2025 pola que se publica a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas a trámite para organizar cursos de extensión da Universidade de Vigo para o ano 2025 no campus de Ourense

De acordo coa base novena da Resolución reitoral do 27 de febreiro de 2025 mediante a cal se convocou o proceso de axudas para organizar cursos de Extensión da Universidade de Vigo no ano 2025, esta reitoría, en uso das competencias atribuídas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario,

RESOLVE:

1. Aprobar a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas a trámite para a organización de cursos de extensión da Universidade de Vigo para o ano 2025 no campus de Ourense (Anexo) e ordenar a súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>).
2. As persoas solicitantes excluídas ou que non figuren na relación de admitidas disporán dun prazo de cinco días hábiles a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro electrónico para emendar o defecto que motivou a exclusión ou a omisión. Quen dentro do prazo sinalado non emende a exclusión ou alegue a omisión, xustificando o dereito a ser incluído/a na relación de solicitudes admitidas, será definitivamente excluído/a do proceso.
3. Para tal fin a persoa solicitante presentará a documentación xustificativa de emenda a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante do procedemento "Emenda e mellora da solicitude" e facendo referencia ao número de rexistro da solicitude inicial.

Na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

O vicerreitor do Campus de Ourense

Francisco Javier Rodríguez Rajo

ANEXO

Cursos extensión 2025- Solicitudes admitidas a trámite – Campus Ourense

Nome e Apelidos	Curso de extensión proposto
Xosé Ramón Campos Álvarez	Ourense no Tempo: Historia, Arte e Tradicións (III)
Luis Fernández Couñago	Git e GitHub: control de versións e colaboración en desenvolvemento de software
María Fernández González	Retos actuais e futuros na conservación da biodiversidade
José Luis Legido Soto	Termalismo: descubrindo Extremadura, Portugal e Galicia

Cursos extensión 2025- Solicitudes excluídas a trámite – Campus Ourense

Nome e Apelidos	Curso de Extensión proposto	Motivo de exclusión
Alberto Abal Silva	Iniciación á arte 3D	6 / 7
Manuel Diz Folgar	De Novato a Geek: IoT para o teu fogar en tempo récord	6
Miguel Anxo Fernández Fernández	Audiovisual galego. Traspasando fronteiras	3 / 4 / 5
David Fernández Calviño	O mundo dos cogomelos	1
Jesús Deibe Fernández Simo	Recursos socio-educativos e metodoloxías activas para transformar a educación	1
María Lameiras Fernández	A construción sociocultural do amor romántico	2
Breogán Riobóo Lois	Iniciación á lingua de signos española, á comunidade e cultura xorda. Ferramentas socioeducativas inclusivas	8

Motivo de exclusión	Lenda	Documentación a presentar para subsanación
1	Anexo II- Apartado B: "Ingresos por matrículas", cálculo erróneo	<p>Presentar o Anexo II incluíndo a rectificación do importe de ingreso por matrículas.</p> <p>Revisar que o importe de ingresos e gastos coincida unha vez realizada a corrección anterior.</p> <p><i>Exemplo de cálculo: 30 (prazas ofertadas) x 70% = 21 alumnos mínimo</i></p> <p><i>Ingreso por matrícula: 21x 0,7x 60 euros = 882</i></p>
2	Anexo II- Apartado B: na parte de ingresos non indica "Contribución da Universidade de Vigo"	<p>Presentar o Anexo II incluíndo o importe que se solicita como "contribución da Universidade de Vigo".</p> <p>Revisar que o importe de ingresos e gastos coincida unha vez realizada a corrección anterior.</p>
3	Anexos I e II-Teñen que vir asinados polos dous directores do curso	Presentar Anexo I e II asinado polos dous directores do curso.
4	Falta documentación	Xustificación asinada polos directores do curso da necesidade de solicitar axuda superior a 4.000 euros.
5	Falta documentación	Informe xustificativo da necesidade de que a dirección do curso sexa compartida por dúas persoas.
6	Anexo II- Apartado A: A suma do número de horas do programa non coincide coas horas totais indicadas na solicitude	Presentar o Anexo II realizando a corrección indicada.Os cursos serán só en modalidade presencial.
7	Secretaría do curso: ten que ser membro do colectivo de persoal técnico e de xestión de administración e servizos (PTSXAS)	<p>Presentar o Anexo I cumprimentando os campos "Datos da secretaría do curso".</p> <p>Presentar o Anexo II incluíndo a remuneración da secretaría.</p> <p>Revisar que o importe de ingresos e gastos coincida unha vez realizada a corrección anterior.</p>